

O LEITE QUE CONSUMIMOS

Antelo Docampo, Pilar
Plata Casais, Aurora
I.E.S. "Xulián Magariños"

Introducción

O obxecto desta comunicación é presentar unha experiencia de traballo interdisciplinar sobre o contido transversal **"A educación ó consumidor"** tratada dende as áreas de **Ciencias da Natureza e Matemáticas**.

A experiencia educativa concreouse no deseño e desenvolvemento dunha serie de actividades nas que os estudantes, a través do traballo colaborativo na aula, analizaron diversos aspectos de catro marcas de leite, reflexionaron sobre o gusto e a calidade das mesmas, interpretaron a información e resultados, co obxecto de extraer conclusións e establecer relacións cos seus hábitos de consumo.

A análise de elementos que configuran a nosa experiencia cotidián, realizada dende diversos puntos de vista e con instrumentos diversos pero complementarios, axudan os estudantes a ter unha visión integrada do coñecemento o mesmo tempo que, unha valoración da utilidade das matemáticas e doutras disciplinas para unha mellor comprensión da realidade.

Se entendemos que a educación, sobre todo na etapa obrigatoria, ten como finalidade principal *"A formación dos adolescentes para ser cidadáns reflexivos, responsables, autónomos con capacidade para analizar a realidade e tomar decisións"*, os temas transversais entón, e concretamente a **educación para o consumo e para a saúde**, teñen un valor moi importante, tanto para o desenvolvemento persoal e integral dos alumnos como para calquera proxecto de sociedade máis responsable e respectuosa cara ás persoas e cara á propia natureza.

Obxectivos da experiencia.

Para o deseño e concreción da experiencia, planteámonos os seguintes obxectivos xerais:

1. Descubrir e tomar conciencia das necesidades básicas para a vida, co obxecto de poder adoptar decisións razoadas e responsables sobre o consumo, e garantir unha certa autonomía persoal.
2. Coñecer e analizar algúns mecanismos da sociedade de consumo e a súa influencia nos hábitos alimenticios
3. Coñecer e interiorizar algunhas normas básicas dunha alimentación saudable.
4. Análise comparativo de diferentes produtos de consumo en canto ó gusto, calidade e precio.
5. Desmitificación dalgunha marca como un factor definitivo do consumo e da calidade a traveso do análise crítico de relacións entre produtos, prezos e marcas.

Obxectivos na área de matemáticas

Consideramos a educación matemática como comprensiva e funcional, que ofrezca camiños e recursos para afrontar e responder significativamente ás cuestións e problemas que se nos plantean na vida cotiá e que polo tanto prepare os estudantes para unha actuación comprensiva sobre a realidade.

Como consecuencia desta forma de entender a educación matemática, formulamos como obxectivos:

1. Que os alumnos adquiran unha visión global e significativa da estatística; esto supón entender que na estatística é preciso recoller datos, organizalos en táboas e gráficas, reducilos mediante diversas técnicas e cálculos matemáticos; co obxectivo principal de interpretar a información e os resultados para así, tomar decisións.
2. Utilizar técnicas elementais de recollida de datos para obter información sobre fenómenos e situacións do seu entorno; representalos de forma gráfica e numérica e formarse un xuízo sobre a mesma.
3. Apreciar o papel da matemática na vida cotiá, utilizándoa para unha mellor comprensión da realidade.

Obxectivos na área de ciencias

1. Adquirir o hábito de ler as etiquetas dos envases para poder elixir o máis adecuado.
2. Desenvolver unha actitude crítica como consumidores, para poder elixir mellor o produto tendo en conta a relación calidade precio.
3. Potenciar hábitos de alimentación equilibrada.

4. Identificar aditivos e sustancias que poden resultar nocivos para o organismo.

Desenvolvemento da experiencia

Como xa indicamos na introducción e en coherencia cos obxectivos propostos, as actividades planteadas ós alumnos foron o elemento nucleador do proceso de ensino-aprendizaxe. Os estudantes partindo da súa experiencia e dos seus coñecementos previos: recollen datos e os organizan, reflexionan sobre os mesmos, fan a súa representación e análise, calculan e relacionan e finalmente interpretan e conclúen.

No transcurrir das actividades os estudantes poderán comprobar as características e dificultades dunha recollida de datos, primeira fase dun traballo estatístico; así como, comprender e familiarizarse co significado da estatística, os seus elementos, e algunhas das súas aplicacións. Analizarán as características nutritivas da leite, a súa composición e aprenderán a valorar mellor un alimento.

A secuencia de intervencións tipo que nos propuxemos para cada actividade foi a seguinte:

1. Presentación por parte do profesor da actividade e comentarios sobre cales son os obxectivos.
2. Traballo individual, no que o profesor poida aclarar e animar os alumnos.
3. Traballo en grupo de 3 ou 4 alumnos, no que poñen en común as conclusións individuais e tratan de chegar a unha resposta de grupo.
4. Presentación das conclusións a toda a clase, debate e clarexamento dos problemas presentados.
5. Realización dunha avaliación da actividade no seu conxunto, que comprenda desde a autoavaliación do alumno ata a do profesor, pasando pola que se refire ó grupo e á actividade como tal.

Avaliación

Para avaliar a experiencia utilizamos os seguintes instrumentos:

1. Carpeta de traballo dos alumnos na que se deben recoller as actividades e informes, etc.. Nela observaremos a evolución do traballo dos alumnos, así como a claridade e a corrección dos seus informes, coñeceremos tamén o que pensan sobre a actividade, que é o que aprenderon e cales son as posibles dúbidas ou aspectos non claros.
2. Ficha de observación do profesor sobre cada alumno e o traballo de grupo, na que coñeceremos o nivel de participación e implicación, así como os posibles erros conceptuais sobre os que poderemos incidir nos debates e diálogos.
3. Cuestionario dos alumnos no que avalíen o seu traballo e aprendizaxe, o do seu grupo, e o interese e desenvolvemento do traballo.
4. Informe global realizado individualmente por cada alumno no que se indiquen as conclusións obtidas así como os instrumentos, conceptos, e cálculos estatísticos nos que se basean.
5. Reflexión dos profesores e estudantes de forma colectiva sobre as tarefas e as observacións realizadas.